

"POR UN LECER SAUDABLE"



FINALIDADE DO CONCURSO

- 1.- Creación de eslogans que fomenten o lecer saudable para previr o consumo de drogas.
- 2.- Utilización, por parte do Concello de Vigo, dos eslogans gañadores como parte dunha futura campaña de prevención de drogodependencias.

Obxectivos

- Traballar conxuntamente cos Centros de Ensino establecendo un espazo común para a formación e prevención.
- Sensibilizar aos/ás estudantes respecto ás consecuencias do consumo de drogas e fomentar o lecer saudable.
- Fomentar a participación activa da xuventude na prevención do consumo de drogas.
- Desenvolver a comunicación, a capacidade de síntese, a creatividade e orixinalidade dos/das alumnos/as participantes.

BASES DO CONCURSO

- 1ª: Poderá participar o alumnado de 6ºEP, 2º e 4º da ESO dos centros de ensino do Concello de Vigo.
- 2ª: O eslogan debe conter unha mensaxe que promova un lecer saudable e afastado do consumo de drogas.
- 3ª: O eslogan debe ser inédito e non ter sido premiado noutro concurso.
- 4ª: A participación pode ser individual ou grupal (máximo 4 alumnos/as).
- 5ª: Cada participante só pode presentar un eslogan.
- 6ª: Aceptarase un único traballo por aula, elixido polo propio alumnado de entre todos os traballos realizados nesa clase.
- 7ª: O traballo presentarase en formato DIN-A4 e deberá ter un máximo de 20 palabras.
- 8ª: A proposta non poderá conter ningún tipo de texto ou imaxe que atente contra a honra de persoas ou institucións, incite á violencia, o consumo de sustancias tóxicas ou a discriminación a persoas pola súa raza, xénero, condición social, económica ou relixiosa.
- 9ª: As propostas presentarase no Centro de Ensino correspondente ata o 12 de abril do 2018.
- 10ª: En todos os traballos farase constar o nome e apelidos do/da participante, teléfono de contacto, Centro de Ensino e curso.
- 11ª: O xurado estará composto polo persoal técnico integrante da Comisión de Prevención do Plan Local sobre Drogodependencias e Outras Adicións do Concello de Vigo e profesionais do Equipo de Prevención do Concello de Vigo.
- 12ª: O fallo do xurado comunicarse aos/ás gañadores/as.
- 13ª: O Concello de Vigo resérvase o dereito a utilizar os eslogans gañadores en futuras campañas de prevención.
- 14ª: Os premios entregarase o 1 de xuño de 2018, ás 12:00, no Auditorio Municipal do Concello de Vigo. A este acto é obrigada a presenza dos/das gañadores/as e dos/das compañeiros/as de clase.
- 15ª: Entregarase un primeiro, segundo e terceiro premio que consistirán nunha cámara fotográfica, unha pulseira de actividade e un altavoz inalámbrico, respectivamente. Estes tres premios otorgaráselles ás categorías de 6ºEP, 2ºESO e 4ºESO.
- 16ª: A participación neste concurso leva implícita a aceptación das súas bases, do fallo do xurado e das decisións da organización.